

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15018148	CPI de Atios	Valdoviño	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	1º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

## 1. Introducción

Esta programación elaborase a partir do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Pero nesta programación tense en conta a realidade educativa do noso centro, as características do alumnado e a súa contorna. Na medida do posible, procurárase unha atención individualizada adaptándose ao ritmo particular de cada alumno/a, traballando en colaboración coas familias.

O CPI de Atios sitúase no Concello de Valdoviño e a el asisten 500 alumnos e alumnas aproximadamente, que proceden das diferentes parroquias que conforman o concello, así como doutros concellos limítrofes. Atendendo á realidade sociolingüística, pódese concluír que a lingua materna da maioría do alumnado é o castelán, polo que se pretende favorecer, ademais dunha competencia do alumnado na súa lingua materna, tamén o uso da lingua galega e o inglés, tendo en conta a lexislación vixente ao respecto. No que respecta ao 1º e 2º curso de EP existen dúas liñas en cada un dos cursos, nos que hai alumnado que precisa de apoio, tanto por parte do profesorado como dos especialistas de PT e AL.

O obxectivo principal desta PD é a de facilitar ao alumnado a adquisición dos contidos propios da materia e unha mellora progresiva da súa autonomía ao mesmo tempo que se fomenta a súa competencia lingüística en castelán.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	1ºTRIMESTRE: Texto prescriptivo e informativo.	Nesta UD traballarse a expresión e comprensión oral e escrita para iniciar o proceso de adquisición da lectoescritura. Empregaremos 2 tipos de textos: prescriptivo (normas, receita, instrucións e carteis) e informativo (carta e carteis).	25	40	X		
2	2ºTRIMESTRE: Texto literario e informativo.	Continuarase o proceso de lectoescritura co texto literario (poesía) e informativo (noticia e carta).	25	35		X	
3	3ºTRIMESTRE: Texto lliterario e expositivo.	Traballaranse textos sinxelos co texto literario (conto) e expositivo (descrición).	25	35			X
4	BIBLIOTECA	Coñecemento, funcionamento e uso da biblioteca de aula e de centro.	25	30	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	1ºTRIMESTRE: Texto prescriptivo e informativo.	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Mostra interese e respecto polas linguas da contorna.	TI	100
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.	Rexeitar calquera uso lingüístico discriminatorio.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe respectuosa na relación cos demais.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Ten interese por ampliar o seu vocabulario.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Participa e escoita, con respecto, nas interaccións orais.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar calquera uso lingüístico discriminatorio.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Iníciase na xestión dialogada dos conflitos.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Iníciase na comprensión lectora dos textos.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Iníciase na adquisición do hábito lector.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Iníciase na construción dun pensamento crítico non discriminatorio.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar calquera uso lingüístico discriminatorio.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iníciase no uso das tecnoloxías dixitais.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua como fonte de lecer e gozo persoal.	Participa na lectura de textos literarios sinxelos.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Iníciase na adquisición de vocabulario a través dos textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biografía lingüística persoal e da súa contorna.</li> <li>- A diversidade etno-cultural e lingüística no contexto escolar e familia.</li> <li>- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.</li> <li>- Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Interese pola ampliación de vocabulario básico.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Procesos: produción oral</li> <li>- Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos.</li> <li>- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións que facilitan a comprensión do texto.</li> <li>- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.</li> <li>- Modelos explícitos para comunicar a información.</li> <li>- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable</li> <li>- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.</li> <li>- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.</li> <li>- Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa.</li> <li>- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	2ºTRIMESTRE: Texto literario e informativo.	35

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Recoñece algún prexuízo relacionado con calquera lingua.	TI	100
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.	Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe respectuosa na relación cos demais.		
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Iníciase na identificación da información máis relevante dos textos orais.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Iníciase na reprodución de textos orais sinxelos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar calquera uso lingüístico discriminatorio.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Iníciase na xestión dialogada dos conflitos.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Iníciase na comprensión lectora valorando a experiencia lectora de forma positiva.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Iníciase na aplicación das regras de ortografía.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Iníciase na construción dun pensamento crítico non discriminatorio.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.	Participa na actividade do libro da fin de semana escollido polo alumnado na biblioteca.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas actividades lectoras que se organicen no ciclo.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Iníciase na relación dos textos orais e escritos con outras manifestacións artísticas e culturais.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Iníciase na identificación de similitudes e diferenzas entre o galego e o castelán.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, da comparación e da transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Iníciase na comprensión do funcionamento da lingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos



## Contidos

- Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna.
- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.
- Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios...
- Procesos: produción oral
- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos, utilizando recursos non verbais elementais.
- Xéneros discursivos
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Valoración da lectura de textos sinxelos como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.
- Procesos: produción escrita
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Recoñecemento da autoría dos textos de forma acompañada.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.

UD	Título da UD	Duración
3	3ºTRIMESTRE: Texto lliterario e expositivo.	35

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece as linguas empregadas na contorna.	TI	100
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.	Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe respectuosa na relación cos demais.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Iníciase na comprensión de textos orais e multimodais sinxelos.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Iníciase na produción oral cunha secuencia coherente.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar calquera uso lingüístico discriminatorio.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Iníciase na xestión dialogada dos conflitos.		
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil identificando o sentido global do texto.	Iniciarse na lectura en voz alta con ritmo e entoación adecuada.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Iníciase na análise do contido de textos escritos.		
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Iníciase na elaboración de textos escritos.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Iníciase na construción dun pensamento crítico non discriminatorio.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Iníciase na selección da información en distintas fontes.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información.	Comunica os resultados dun proxecto de investigación (a parte que lle corresponda).		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Iníciase na lectura de textos.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndolas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Participa na dramatización de textos literarios sinxelos.		
CA6.2 - Producir, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	Iníciase na produción de textos escritos.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Corrixe os erros que se lle sinalan na elaboración de textos propios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valoración da diversidade da lingua na súa contorna.</li> <li>- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.</li> <li>- Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).</li> <li>- Elementos básicos de contido (tema, léxico).</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> </ul>

## Contidos

- Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes.
- Contexto
- Estratexias para a planificación e produción de textos básicos axeitados á súa idade (normas, contos¿).
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Iniciación das regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida en fontes sinxelas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Creación de breves relatos e contos infantís a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas a través de conversacións dirixidas.
- Estratexias para a transformación guiada de palabras entre as distintas linguas da contorna escolar.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.

UD	Título da UD	Duración
4	BIBLIOTECA	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.	Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	TI	100
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe respectuosa na relación cos demais.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar calquera uso lingüístico discriminatorio.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Iníciase na xestión dialogada dos conflitos.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Mostra interese por consultar/ler algún dos libros da biblioteca, do centro e da aula.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Iníciase na construción dun pensamento crítico non discriminatorio.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula.	Coñece o funcionamento da biblioteca de aula.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participa nas actividades de lectura compartida.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Identifica a biblioteca do centro como escenario para os contacontos.		
CA5.5 - Reproducir, de xeito acompañado e a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Reproduce textos literarios sinxelos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.</li> <li>- Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos axeitados a súa idade (normas, contos).
- Procesos: interacción oral
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo.
- Procesos: comprensión lectora
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Inicio no coñecemento básico respecto á organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Procesos: produción escrita
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Remitímonos ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán a cabo ao longo do curso.

Neste Centro:

Poñerase especial énfase na atención a diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención de dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten esas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo cooperativo e en equipo.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera formato e soporte.

Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Dende as áreas de lingua galega e lingua castelá colaborárase no desenvolvemento dos proxectos.

Teranse en conta as ferramentas dixitais dispoñibles no centro potenciando o seu uso e espírito crítico.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla interactiva
Ordenador con diferentes aplicacións e programas informáticos.
Altofalantes.
Aula Virtual.
Páxina web do centro.
Material funxible.
Material bibliográfico.
Material diverso aportado polo profesorado e alumnado para axudar na realización de proxectos.
Xogos didácticos
Recursos e espazos da contorna.
Biblioteca
Recursos persoais.

- Recursos matemáticos: Empregarase o libro de textos así como materiais manipulativos.
- Recursos lingüísticos: Entre outros empregaranse diferentes tipoloxías textuais de uso social.
- Xogos didácticos: empregaranse material lúdico para reforzar as aprendizaxes.
- Tecnoloxías da información e comunicación: Destaca a pantalla interactiva, que servirá para complementar as explicacións, acceder a información, realizar xogos educativos... A aula virtual poderase empregar tamén en caso necesario.
- Outros materiais e espazos do centro: A maiores do material da aula, existen outros recursos materias no centro (na biblioteca, dotación de Polos creativos, materiais de laboratorio...) dos que se poderá facer uso. Teranse en conta tamén outros espazos fóra da aula e incluso do centro que favorecerán o proceso de ensino aprendizaxe, como o patio, os corredores, a biblioteca, museos, a contorna...
- Recursos persoais: O profesorado con dispoñibilidade horaria, os especialistas de PT e/ou Audición e Linguaxe, así como outros especialistas de aula, DO e mesmo recursos externos ao centro (gabinetes psicopedagóxicos...) son tamén fundamentais, ademais de necesaria unha coordinación con eles.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Antes do comezo das clases revisamos os informes individualizados do noso alumnado e tamén nos entrevistamos co persoal titor do curso pasado en 6º de Ed Infantil.

Durante o mes de setembro realizamos o proxecto "Anacos de verán" e imos recollendo datos para a avaliación inicial no que respecta ao nivel de adquisición da lectoescritura no que se atopa o alumnado.

Determinamos cal é a lingua materna do alumnado.

Prestamos especial atención á integración no grupo do alumnado de nova incorporación.

O que máis nos interesa é localizar o nivel de lectoescritura no que se atopan e a actitude e participación no proxecto.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

Todos os CA da presente PD serán avaliados por diferentes tipos de táboas de indicadores, sobre todo por rexistros de observación directa por parte do profesorado.

A nota trimestral, segundo as UD repartirase así:

- 1º Trimestre: UD1 75% ; UD4 25%

- 2º Trimestre: UD2 75% ; UD4 25%

- 3º Trimestre: UD3 75% ; UD4 25%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º Trimestre: 30%

-2º Trimestre: 30%

-3º Trimestre: 40%

Cando a cualificación sexa unha cifra con decimais aplicarase o seguinte:

a) Se os decimais non pasan de 49 a nota será o mesmo número sen decimais.

b) Se os decimais pasan de 49 a nota será o número enteiro seguinte.

En calquera caso, se por análise da xunta de avaliación argumentase que pola progresión do alumnado e atendendo a razóns pedagóxicas, non procede aplicar o anterior, prevalecerá sempre a decisión tomada na Sesión de Avaliación.

### Criterios de recuperación:

O alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos no seguinte trimestre.

En cada avaliación informarase aos pais/titores legais do alumnado dos resultados obtidos, especificando aqueles mínimos que precisa acadar.

Segundo o disposto no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria en Galicia, "o alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior". Igualmente, o proceso de reforzo farase efectivo no momento no que se aprecien dificultades por parte do alumnado. Este reforzo realizarase con profesorado con dispoñibilidade horario e, de ser necesario, co profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe se así se valora nas sesións de avaliación por parte do profesorado e do Departamento de Orientación.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade que se terán en conta para o presente curso escolar son as que veñen determinadas pola Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia. Entedemos por medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recogidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) e nas concrecións anuais de dito plan.



Tal e como se recolle no artigo 8 do Decreto 229/2011, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos non dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado. Entre as medidas de carácter ordinario que se poderán desenvolver están as que a continuación se detallan:

- A adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.
- A adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno. - Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por projetos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de habilidades e competencias sociais.

De conformidade co artigo 9 do Decreto 229/2011, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirigidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Entre as medidas de carácter extraordinario que se poderán desenvolver están as que a continuación se detallan:

- Adaptacións curriculares.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente.
- Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
- Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar. - Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes.
- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Grupos de adquisición de linguas.

Esta escolma de medidas de atención á diversidade é un reflexo daquelas que se poderán desenvolver nalgún momento da etapa, mais non teñen porque desenvolverse todas elas de non darse as circunstancias que se contemplan na lexislación pertinente. Estas medidas son susceptibles de seren ampliadas no caso de ser necesarias para a inclusión educativa do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

E posto que non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, fanse actividades a distinto nivel, como por exemplo as seguintes:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para o alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Recantos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remata antes as tarefas da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe porase en coñecemento do Departamento de Orientación para decidir e organizar as medidas oportunas (Reforzo educativo, ACI, apoio PT...).

No caso de alumnado con altas capacidades deseñaranse actividades de ampliación seguindo as indicacións do Departamento de Orientación.

De haber alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: se é necesario solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular e adoptar as medidas adecuadas. Se non se precisa esa valoración traballarase na comunicación utilizando os medios tecnolóxicos dispoñibles (tradutores,...)e facendo máis fincapé nas imaxes e na mímica.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño (maiúscula e minúscula), priorización dalgunha das linguaxes ou formas de comunicación (oral, escrita, visual ou táctil).

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e de emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

### Observacións:

Todos os elementos transversais están presentes nas distintas UD aínda que algúns deles teñan un tratamento especial (o nº 6 e o 7) no 2º trimestre a través das conmemoracións do Día Internacional da Muller e do Día da Paz.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións recollidas no calendario escolar e outras celebracións no centro.	Participar nas actividades organizadas para todo o centro.	X	X	X
Saídas.	Participar nas saídas organizadas polo ciclo.	X	X	X
Casa da Cultura.	Segundo á actividade.	X	X	X

### Observacións:

- Participar nas celebracións organizadas polo Centro (Magosto, Entroido, Samaín, Maíos. . .) e nas efemérides programadas polo equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares en colaboración co Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (Día da Paz, Día contra a violencia de xénero, Día do Libro...)
- Viaxes culturais e visitas que se organizarán o longo do curso en función dos proxectos traballados e dos propios intereses dos nenos e nenas. Realizarase como mínimo unha saída trimestral.
- Acudir á Casa da Cultura para presenciar os actos culturais que se nos ofrezan.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación das tarefas.
Adecuación dos obxectivos, contidos e metodoloxía ás características do grupo.
Revisión trimestral da PD.
Impartición de máis do 80% da materia.
Metodoloxía empregada
Distribución de tempos (cumpriuse a temporalización...), recursos e espazos.
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Implicación do profesorado.
Participación de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Organización e coordinación de ciclo.
Ambiente de traballo e participación.
Implicación das familias.
Transmisión de información ao persoal docente titor.

#### Descrición:

Xuntanza co persoal docente especialista.  
 Nas sesións de avaliación valoraranse todos estes indicadores.  
 Estes indicadores poderán variar en función do que se decida na Comisión de Coordinación Pedagóxica do Centro.  
 A valoración que se fai de cada un dos indicadores de logro mencionados con anterioridade recibirá unha valoración nunha escala de 1 a 4 puntos, sendo 1 a nota máis baixa e 4 a nota máis alta.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Ao remate de cada trimestre revisarase a PD no apartado correspondente do Proens, nas Reunións de Coordinación de Ciclo e nas Sesións de Avaliación.

Nestas reunións recolleranse as distintas Propostas de Mellora e Observacións sobre a PD, que permitan adecuar a programación ás necesidades que vaian xurdindo na aula.

Posto que unha programación de aula debe ser aberta e flexible, este documento recolle unha proposta organizativa que poderá sufrir modificacións co fin de atender aos intereses e necesidades xurdidas na aula durante a súa aplicación.

## **9. Outros apartados**